

Comentario dunha paisaxe natural

1. Localización xeográfica da paisaxe

2. Análise dos elementos naturais

■ Relevo:

- Formas do relevo continental (montaña, chaira, meseta) ou costeiro (cabo, golfo, etc.).
- Tipo de rochedo e formas de modelado (granítico, calcáreo, arxiloso ou resultado da erosión diferencial).

■ Augas: tipo (mar, ríos, lagos, acuíferos, localización, caudal e réxime dos ríos.

■ Vexetación: tipos de formacións vexetais (bosque, matogueira, prado), especies, extensión, localización.

■ Solo: tipo, calidade.

■ Clima: pode determinarse a partir das augas, da vexetación e dos solos analizados.

3. Interrelacións do medio natural coa actividade humana

■ Relevo:

- Influencia do relevo continental na actividade humana: nos asentamentos e no hábitat (cúscanse as topografías máis favorables); na actividade agraria (as chairas facilitan a agricultura; as pendentes dificultana); na achega de materias primas (minerais, enerxéticas); nos transportes (facilitando ou dificultando as comunicacións); no turismo (formas de relevo orixinarias).
- Influencia do relevo costeiro: costas baixas e arrentas (praias, turismo), costas recortadas (portos naturais), plataforma mariña escasa (caladoiros pobres).
- Influencia da actividade humana no relevo: sobreexplotación de materias primas e fontes de enerxía; alteracións causadas por canteiras, minas e grandes obras hidráulicas ou infraestruturas de transporte; políticas de protección, conservación e rehabilitación.

■ Augas:

- Influencia da auga na actividade humana: usos consuntivos (regadío agrario, actividades mineiras, enerxéticas, industriais e terciarias e uso en fogares e municipios) e usos non consuntivos (pesca, acuicultura, produción enerxética, navegación, deportes, usos recreativos).
- Influencia do ser humano nas augas: obras hidráulicas (de regulación e para mellorar a calidade da auga), problemas (sobreexplotación, contaminación) e obras de saneamento e depuración.

■ Vexetación:

- Influencia da vexetación na actividade humana: subministración de recursos (alimentos para persoas e animais, materias primas para a industria, fontes de enerxía, posibilidades para o ocio e o recreo, incremento do valor da paisaxe) e mellora das condicións ambientais (diminúe a erosión e a contaminación e reduce o risco de inundacións).
- Influencia da actividade humana na vexetación: danos nos bosques por contaminación; alteración (introducción de especies exóticas), destrución ou deforestación (cortas, incendios); labores de conservación e restauración (limpeza de bosque, repoboación).

■ Solo:

- Influencia do solo na actividade humana: no poboamento e no hábitat, nas actividades agrarias e nas infraestruturas.
- Influencia da actividade humana no solo: sobreexplotación, contaminación, erosión, desertización, e medidas de protección e de conservación.

■ **Clima:**

- Influencia do clima na actividade humana: distribución da poboación e características de hábitat, actividade agraria, subministracións de fontes de enerxía, condicionamento do transporte e de certas actividades recreativas.
- Influencia da actividade humana no clima: contaminación atmosférica, medidas para mellorar a calidade do aire.

